



Resolución da Secretaría Xeral de Universidades pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral 2022.

A Orde do 31 de decembro de 2021 (DOG núm. 14, do 21 de xaneiro de 2022), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego. A dita convocatoria dispón no seu artigo 21.2 un proceso de avaliación da actividade investigadora desenvolvida.

Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Industria e Innovación, e na procura de sinerxías, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.

De acordo co Decreto 42/2024, do 14 abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 23.05.2024), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do Sistema Universitario de Galicia (en adiante, SUG), seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

De acordo co Decreto 42/2024, do 14 abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e co Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19, do 27.01.2012), polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 23.05.2024), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, correspóndelle á Axencia Galega de Innovación definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento do sistema galego de I+D+i.

Secretaría Xeral de Universidades
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 1, planta 1ª
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 649
promocioncientifica@xunta.gal





A instrución 1/2024, do 4 de xuño de 2024, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, iniciou este procedemento de avaliación da actividade investigadora desenvolvida. A dita avaliación foi realizada por persoas expertas externas alleas ao Sistema Galego de Innovación, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Unha vez finalizado este proceso, e de acordo co informe das persoas expertas correspondentes, a Secretaría Xeral de Universidades

RESOLVE:

1. Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador e emitir a certificación para as seguintes persoas investigadoras que obtiveron unha avaliación positiva:

| Investigadoras e investigadores do programa de axudas para completar a etapa de formación posdoutoral 2021 | | | | | |
|--|-----------|-----------|---------------|------------|------------|
| Univ. | 1 apelido | 2 apelido | Nome | DNI. | Avaliación |
| Uvigo | Soto | Oñate | David | *****6965* | POSITIVA |
| Uvigo | Pérez | Paz | Alicia | *****8302* | POSITIVA |
| USC | Negri | | Manuel | *****5680* | POSITIVA |
| USC | Maneiro | Rey | María | *****6174* | POSITIVA |
| USC | García | Menéndez | Vanesa | *****0375* | POSITIVA |
| UDC | Moncunill | Solé | Blanca | *****7022* | POSITIVA |
| USC | Sampedro | Mella | María Carmen | *****0628* | POSITIVA |
| UVigo | Vázquez | Domínguez | Marta | *****7579* | POSITIVA |
| UVigo | Rodríguez | Flores | María Shantal | *****7698* | POSITIVA |
| UVigo | Méndez | Quintas | Eduardo | *****3287* | POSITIVA |
| USC | Souto | Pereira | Sandra | *****5341* | POSITIVA |

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen conveniente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital,
O secretario xeral de Universidades
José Alberto Díez de Castro

Secretaría Xeral de Universidades
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 1, planta 1ª
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 649
promocioncientifica@xunta.gal

